



## Boletín Informativo

### Formación Dual

#### Formación Dual en Comercio

No mes de decembro iniciamos un programa de Formación Dual en Comercio. Este programa terá unha duración de 3 anos nos cales o alumnado adquirirá coñecementos teóricos e prácticos en comercio.

Un total de 10 persoas recibirán a formación teórica no noso centro e a formación práctica na tenda de JuanMaríaByLolola na Praza Elíptica de Vigo.

Una vez rematada a formación obterán o Certificado de Profesionalidade de Auxiliar de Comercio.



### I Marcha Ciclo turista por Nigrán

Para conmemorar o Día Internacional das persoas con Discapacidade realizamos a I Marcha Cicloturista por Nigrán, na cal contamos coa participación de varios centros educativos do Val Miñor. Foi unha xornada espectacular, grazas CEIP Humberto Juanes, CEIP Mallón, CEIP A Cruz Camos, IES Terra de Turonio e IES Primeiro de Marzo.



# Centro Educativo Juan María

## Biblioteca escolar

### Bibliotecas inclusivas / Continuación PLAMBE

Presentamos a convocatoria de subvencións para Bibliotecas Inclusivas e máis para a continuación do PLAMBE. Concedéronnos ámbalas dúas subvencións e outorgáronnos unha axuda de 11.100 euros para seguir equipando a nosa biblioteca.



### Xornadas bibliotecas inclusivas

Ana Rosa e Pilar estiveron en Santiago participando nas Xornadas de bibliotecas inclusivas presentando a nosa biblioteca e todo o que facemos nela o longo do curso.



### Novos materiais

Grazas a estas subvencións puidemos adquirir moitos materiais e mobiliario novo, que nos ofrecen novas experiencias.

**Robótica:** iniciámonos na robótica.

**Legó:** aprendemos con novos recursos como son os legos.



# Centro Educativo Juan María

## Convivencia CEIP Carlos Casares

O CEIP Carlos Casares de Nigrán convidounos a realizar unha actividade co seu alumnado. Acompañámoslos facendo dúas rutas, unha dende Panxón a Praia América e outra por Chandebrito. Compartimos camiñata, merenda e xogos, un día completo.



## Mini Reporteiros

Iniciámonos nun novo proxecto, os Mini Reporteiros, o noso alumnado encargase de seleccionar a que traballador, servizo ou taller queren entrevistar, preparamos as preguntas con pictogramas, entrevistamos a persoa, gravamos e sacamos fotos da entrevista e despois transcribímola.



## Formación alumnado

Os nosos alumnos tamén se forman. Participamos nunha formación online realizada por Plena Inclusión "Navegar seguro en internet" porque é moi importante saber como empregar as redes sociais e internet.



# Centro Ocupacional e de Día Juan María

## Talleres

### Carpintería

Dende o taller de carpintería leváronse a cabo diferentes tarefas entre elas destacamos:

- **Cabicheiros:** realizamos cabicheiros para pór nas praias de Nigrán colaborando así co medioambiente.



- **Bancos da amizade:** construímos os primeiros bancos da amizade para o Concello de Nigrán, temos moitos pedidos!



- **Reloxo:** fixemos un reloxo para o Concello de Baiona, con el deron as badaladas de aninovo.



### Xardinería

Estivemos en Porriño, na Canteira Ferro, cos nosos compañeiros de ACEESCA plantando 1.000 arbores que o converterán nun espazo natural.



### Eco-taller

Dende eco-taller realizamos diversas visitas a centros escolares do Val Miñor para ofrecer charlas e obradoiros sobre reciclaxe de tapóns e sobre o eucalipto.

Encántanos mostrarlle ao alumnado todo o que sabemos de reciclaxe e como podemos axudar o medioambiente.



# Centro Ocupacional e de Día Juan María

---

## Mantemento e deporte

---

### Mantemento e deporte

Realizamos diversas actividades para manernos en forma, tanto traballamos no centro como no pavillón de Panxón.



## Habilidades Sociais

---

### HHSS

Facemos moitas saídas na comunidade para adestrar as nosas habilidades sociais.

Saídas a facer recados, a facer compras, a farmacia, o concello, a correos etc.



## Viaxe: visitamos Santander

---

Un grupo de persoas usuarias visitamos Santander acompañados de dúas monitoras.

Pasamos o día no parque natural de Cabarceno, coñecemos Luarca e as Cuevas de Altamira. Gustounos moito!



# Centro Juan María

---

## Familias

---

### Quedadas

Cada último venres de mes un grupo de familias do noso centro reúnense para pasar una tarde de charla e compartir experiencias.



### Excursión

As familias do noso centro compartiron un día de excursión en Pontevedra.

Foron de ruta coa Deputación de Pontevedra e visitaron o Museo de Pontevedra e a Illa de Covo.



## Ocio

---

### Italia

Durante todo o ano realizáronse actividades de fin de semana e ademáis un grupo tivo a oportunidade de viaxar a Italia e coñecer Roma. Unha experiencia única!



## Convivencias

---

### Magosto

Un ano mais contamos coa visita do alumnado do Colexio Compañía de María de Vigo. Coñeceron o noso centro, disfrutaron de actividades compartidas e festexaron con nos o magosto.



# Centro Juan María

## Melloras

### Aulas Centro Educativo

Durante o verán cambiouse o chan das aulas do centro educativo, substituíndo a baldosa do chan por tarima flotante. Consequindo así que as aulas sexan máis agradables xa que melloraron en canto a temperatura, illamento e estética.



### Texturizadora

Tras o éxito do noso II Concerto Benéfico Juan María, conseguimos o noso obxectivo, dispor dunha texturizadora para levar a cabo o noso proxecto "Comer con Pracer".

Pouco a pouco imos introducindo alimentos texturizados, ofrecéndolle as persoas do noso centro unha experiencia máis normalizada a hora da comida.



## Premios

### 4º Festival Arte e Discapacidade

Vanesa Gómez obtivo o segundo premio en fotografía no 4º Festival Arte e Discapacidade, organizado pola Fundación Integra. Sergio recolleu o premio no seu lugar.



### Illas Cíes

Participamos no concurso organizado polo Faro de Vigo, fixemos un mural representando as Illas Cíes de día e as Illas Cíes de noite, grazas o cal gañamos!

Agasallannos cun viaxe as Illas.





# Centro Juan María

## JuanMaríaByLolola

### Nova tenda

En decembro innauguramos a nosa nova tenda na Praza Elíptica en Vigo.

Na tenda podeades atopar prendas da nosa colección pasada con desconto, e os modelos da nova colección.

As nosas prendas son confeccionadas artesanalmente en Galicia. Visítanos!



### Visitas

O Alcalde de Vigo, Abel Caballero e os concelleiros Abel Losada e Yolanda Aguiar visitaron a nosa tenda. Tamén tivemos a visita de Carlota Corredera.

Moitas grazas polo voso apoio!!



## Colaboradores habituais



<http://centrojuanmaria.wix.com/reporterosenred>



<http://blogs.prensaescuela.es/ceejuanmariaunblogparatodos>

<http://blogdecocinajuanmaria.blogspot.com.es>

Busca Centro Juan María en Internet:



La lectura de este código le permitirá acceder desde su móvil directamente a todas nuestras páginas y redes sociales.



As Agullas, 12. Parada C.P. 36379 Nigrán



986 386914



administracion@centrojuanmaria.org